



Santiago de compostela  
Xacobeo 2010  
Espazo de Participación

da Concellaría de Participación Cidadá

Casa das Asociacións  
Rúa Manuel Beiras, 3  
(antiga estación de Cornes)

15706 Santiago de Compostela

Mañás : de 9 a 14 h (luns a venres)  
e de 10 a 14 h (sábado)  
Tardes : de 16:30 a 21:30 h  
(martes a sábado)



CONCELLO DE  
SANTIAGO  
CONCELLARÍA DE  
PARTICIPACIÓN  
CIDADÁ



Ecos  
de  
ruta

Brais  
Palmás

“UNHA EXPEDICIÓN EN BICICLETA”

5.500 km e 4 meses dun percorrido polos espazos naturais de Europa.  
Exposición fotográfica e tertulia co fotógrafo antes da súa expedición por Eurasia.  
DO 3 AO 16 DE XUÑO DE 2010

Brais Palmás é un fotógrafo de 19 anos.


En Pontevedra dedicábase profesionalmente á fotografía social e de espectáculos pero sentía que á súa idade non podía contentarse cunha vida rutineira á que non lle encontraba demasiado sentido até que visualizou o seu desexo: coller a súa bicicleta para percorrer os principais espazos naturais de Europa.

A exposición componse de 25 imaxes cun formato que oscila entre os 40 x 60 e 100 x 80 cm. A temática é a paisaxe e a fauna do Norte de España, Francia, Suíza, Italia, Eslovenia, Croacia e Bosnia. Dúas das fotografías que compoñen a mostra foron premiadas en dúas categorías do concurso nacional das Islas Atlánticas de Galicia.

Para materializalo buscou patrocinadores que lle proporcionaron o soporte físico e mediático necesario e que aparecen publicitados no seu web: [www.braispalmas.com](http://www.braispalmas.com).

Obtivo o recoñecemento e apoio da prensa que o axudou a difundir o seu proxecto e iniciou un camiño no que percorrería 5.500 km partindo desde Pontevedra cara ao nordés de España para coñecer seis países máis ao cabo de catro meses.

Ao longo de todo o camiño frecuentou sendeiros que forman parte da rede internacional do Camiño de Santiago gozando do contacto continuo con peregrinos de todas as partes do mundo. A ruta polo norte peninsular (agás lixeiras excepcións) discorreu polo Camiño Primitivo.



“Cando saín, sabía que a estrada moldearía a miña personalidade, pero nunca imaxinei que até un punto tan extremo.”

“Necesito vivir o que estou vivindo, necesito pasar fame e frío, chorar e pasalo mal, aprender a superalo e a próxima vez afrontalo con máis forza ca nunca.”

“Non podo sentirme máis que avergonzado pola miña domesticación, a miña propia domesticación”.

